



Expediente IET: P-11-05
Proxecto: Parque eólico Paraño Oeste
Concellos: Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense)
Promotor: Eólica Galenova, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 01/10/2021 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto Parque eólico Paraño Oeste.

1. Antecedentes:

No marco dunha anterior tramitación deste parque eólico, a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe e o Instituto de Estudos do Territorio emitiron diversos informes en materia de paisaxe.

O presente informe refírese á documentación achegada pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, consistente no estudo de impacto ambiental (EsIA), datado en outubro do 2020, e un arquivo en formato *shapefile* coa representación gráfica das infraestruturas e instalacións do parque eólico Paraño Oeste.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Paraño Oeste, de 49,7 MW, composto por 14 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, subestación transformadora e edificio de control, e dúas torres meteorolóxicas). Os aeroxeradores terán



3,55 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 114 metros, e 132 metros de diámetro de rotor. A torre meteorolóxica acadará unha altura de 120 metros. Prevese a construción de 6.966 metros de novos camiños e o acondicionamento de 5.846 metros de pistas existentes (destas en 2.898 metros unicamente se acondiciona o firme). A lonxitude total das gabias de cableado é de 12.692 metros. A enerxía xerada evacuarase mediante unha liña de alta tensión con inicio na subestación do parque e final na LAT existente SET PE Cando – SET Albarellos, proxectándose un tramo soterrado de 240 metros e outro aéreo de 40 metros soportado por dous apoios metálicos de celosía.

O proxecto presenta modificacións respecto ao informado anteriormente. Os cambios máis salientables son a redución de aeroxeradores de 17 a 14, a utilización de máquinas de maiores dimensións (anteriormente acadaban os 119 metros de altura de buxa e os 112 metros de diámetro de rotor), desprázase a posición da subestación, e se reduce a lonxitude dos camiños do parque.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (anexo 1).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase nas grandes áreas paisaxísticas Rías Baixas e Galicia Central, nas comarcas paisaxísticas Vigo Prelitoral e Baixo Léz, e O Carballiño, respectivamente.

A área de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próxima ao proxecto é a AEIP-07-29 Serra do Candán e Montes do Testeiro, situada a uns 955 metros ao nordés do parque. Máis lonxe, a uns 3,3 km ao oeste localízase a AEIP-08-12 Serra do Cando, e a uns 6,5 km ao sur, a AEIP-08-15 Serra do Suído. Respecto aos miradoiros, o de Outeiro do Coto sitúase a uns 4,5 km ao oeste; o Alto da Cruz do Seixo a uns 5 km ao suroeste; o Mirador de O Seixo a 5,4 km ao noroeste; os de As Ameixiras, Mirador do Monte Coco e O Castelón ao nordés a uns 5,6, 6,7 e 7,5 km de distancia, respectivamente; e en dirección sueste, a uns 7 km, localízase o miradoiro de O Curro.

En relación a outros valores recollidos no Catálogo das paisaxes, o sendeiro PR G-135 Roteiro da Escuadra discorre a uns 7 km ao suroeste do parque.

O proxecto localízase nunha zona de montes de cumios redondeados e pendentes suaves. Os terreos onde se sitúan as infraestruturas atópanse dedicados principalmente a plantacións forestais de piñeiros, aparecendo ademais zonas de matogueira e afloramentos rochosos. As marxes dos regatos, pertencentes á bacías do río Léz, ao noroeste, e á do río Miño, ao sueste, atópanse tapizadas por masas de arboredo autóctono como bidueiros e ameneiros. Os núcleos rurais dispóñense a carón das estradas que discorren polos vales ao pé dos montes. As máis importantes son a nacional N-541, a autonómica OU-212 e as provinciais OU-0415 e EP-7204.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia, descríbense as características principais do proxecto, analízase a calidade e fragilidade visual do ámbito, calcúlanse as cuncas visuais dos aeroxeradores e se analiza a incidencia visual do proxecto, apoiándose en fotografías e infografías, sobre núcleos de poboación, as vías de comunicación máis importantes, miradoiros, rutas de sendeirismo, AEIP e sobre espazos naturais protexidos. Finalmente identifícanse e se valoran os impactos sobre a paisaxe e se describen as medidas protectoras e correctoras previstas para a integración paisaxística do proxecto.

As medidas de integración paisaxística previstas poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe, pero deberán completarse de acordo co que se indica no punto 6 do presente informe.





Se ben o EIIP presentado inclúe en xeral os contidos esixibles de acordo co artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, non inclúe a xustificación de como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística nin as determinacións das directrices de paisaxe, tal e como se recolle nos artigos 11.2d da Lei 7/2008 e 27.d do Regulamento.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores e as torres meteorolóxicas en zonas elevadas, o que lle confire unha alta visibilidade debido á súa posición dominante no relevo.

Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, lugares de especial interese paisaxístico ou rutas de sendeirismo. Non obstante os aeroxeradores distribúense nunha área montañosa entre dúas AEIP, localizadas ao leste e oeste, polo que suporán unha incidencia visual na contorna, principalmente no sector suroeste da AEIP-07-29 Serra do Candán e Montes do Testeiro, se ben a particular configuración do relevo con diversos cordais montañosos entre os que se intercalan zonas de val, mitiga en parte a visibilidade do proxecto nestas áreas oriental e occidental. Respecto aos miradoiros, os aeroxeradores serán visibles dende os máis próximos. En todo caso non son de esperar incidencias significativas sobre as vistas panorámicas dos mesmos dada a distancia á que se localizan, e que a maior parte destes miradoiros emprázanse dentro de parques eólicos actualmente en funcionamento.

Os principais impactos visuais produciranse como consecuencia da distancia aos núcleos de poboación, posto que existen numerosos asentamentos próximos ao parque, algúns deles localizados a menos dun quilómetro, como son os de A Portela de Lamas, A Ermida, A Abeleira, Framia, Alén ou Correa, destacando polo maior número de habitantes os núcleos de Beariz, situado a uns 2 km ao sueste, e Soutelo de Montes (Forcarei) a uns 3 km ao norte do parque (directriz de paisaxe DX.20.c). Estes impactos veranse incrementados pola acumulación de proxectos eólicos, posto que segundo a web do rexistro eólico de Galicia existen catro parques en funcionamento e outros tres en tramitación nun radio de 5 km, que provocarán un efecto sinérxico na paisaxe diminuindo a calidade visual e estética das escenas. Así mesmo, as infraestruturas, dadas as súas dimensións, serán visibles dende as vías de comunicación da contorna, principalmente dende a estrada nacional N-541 que discorre ao nordés do parque.

En relación á liña eléctrica de evacuación da enerxía do parque, dada a curta lonxitude da mesma e que a maior parte do trazado discorre soterrado, non producirá efectos paisaxísticos significativos.

6. Conclusión:

O proxecto vai a provocar un efecto sobre a paisaxe característico das instalacións eólicas, con incidencia visual sobre os núcleos rurais próximos ao parque incrementada pola sinerxía dos outros parques eólicos en funcionamento ou en tramitación na contorna.

O EIIP deberá axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, no Regulamento da Lei 7/2008, e nas Directrices de paisaxe, en concreto nos seguintes aspectos:

- De acordo co disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe para as unidades



de paisaxe afectadas, de acordo co que para tal efecto dispón o apartado 4.1 "Disposicións de carácter xeral" das Directrices de paisaxe de Galicia.

- Debe ampliarse a descrición e xustificación dos criterios e as medidas que se prevé adoptar para acadar a integración paisaxística do proxecto, de acordo co disposto no artigo 30 do Regulamento da Lei 7/2008 e nas normas e recomendacións das Directrices de paisaxe que resulten de aplicación, entre as que cabe destacar neste caso as seguintes:
 - De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos rurais próximos ao proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.
 - Respecto á subestación, deberánse ter en conta as directrices de paisaxe DX.17 e DX.20.m, no que atinxe á tipoloxía e características estéticas do edificio. Así mesmo, de non se manter as masas arbóreas na contorna da instalación, e de ser necesario para atenuar a súa visibilidade, recoméndase realizar no perímetro da infraestrutura unha pantalla vexetal empregando especies autóctonas de acordo coas directrices de paisaxe DX.20.i e DX.20.o.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

